



## CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

Dende o Concello de Porto do Son nos complace comunicar que hoxe sale publicado no Diario Oficial de Galicia o procedemento polo que se regula a adxudicación de prazas para as escolas infantís a través da **Axencia Galega de Servizos Sociais**. Isto quere dicir que se abre o prazo de presentación de solicitudes para poder matricularse na escola infantil de Porto do Son para o curso escolar 2015/2016. **Con esta noticia, o equipo de goberno cumpre co compromiso de poñer en funcionamento a escola infantil municipal para o vindeiro curso escolar.**

- A inscrición dos nenos poderase facer no Concello a partir do **mércores 25 de febreiro** ata o **luns 23 de marzo** incluído, de 8h a 2h da tarde. Facilitarase cita previa polas tardes para aquelas familias que non lle sexa posible acudir neste horario.
- Os requisitos necesarios para poder facer a inscrición son que
  - \_O neno teña unha idade mínima de tres meses na data de ingreso
  - \_E non ter feitos os tres anos de idade o 31 de decembro de 2015.
- Todas as prazas adxudicaránse según o baremo da Axencia Galega de Servizos Sociais regulado na orde publicada no día de hoxe.
  - \_Nas que se valora a situación **sociofamiliar, a situación laboral familiar e a situación económica.**
- O curso escolar comeza o 4 de setembro en horario de mañá e de tarde.
- Os servizos ofertados son:  
**Atención educativa e atención educativa con comedor**

Os prezos regularanse por tramos de renda según o poder adquisitivo das familias.

**\_Atención educativa**

Dende 0 ata 163,52 euros a xornada completa

**\_Atención educativa con comedor**

Dende 0 ata 235,06 euros a xornada completa

Toda a información, así como a documentación necesaria para facer a inscrición está colgada na páxina do Cosorcio Galego de Igualdade e Benestar e estará dispoñible na nosa páxina web e nas oficinas xerais do Concello.

41 prazas:

Aula de 0 a 1 ano = 8 nenos

Aula de 1 a 2 anos = 13 nenos

Aula de 2 a 3 anos = 20 nenos